

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	36
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	40
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

1. Introducción

Esta programación didáctica ten como obxectivo planificar de xeito eficaz o proceso de ensino e aprendizaxe para desenvolver-la materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Na elaboración das unidades didácticas tívose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. Neste sentido é importante ter en conta que a filosofía propónse fomentar a reflexión sobre os problemas universais e fundamentais do ser humano, ó mesmo tempo que ofrecer unha caixa de ferramentas para a reflexión crítica e racional sobre eles. Sempre coa intención de promover a madurez persoal e social do alumnado, dende a súa autonomía, coa adquisición de instrumentos e a súa posta en práctica.

Polo tanto, a materia de 1º de Bacharelato constitúese como unha introdución á filosofía con tres finalidades: (1) por un lado, ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundamentais do ser humano; (2) por outro lado, fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e finalmente (3) adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un/ha mesmo/a e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

En coherencia con estes plantexamentos a materia de 1º de Bacharelato é unha introdución á filosofía. Busca fomentar a adquisición no alumnado de: (a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; (b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; (c) o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, (d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Os criterios de corrección e os indicadores de logro especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados. Desenvólvense polo tanto na programación ó longo dunha avaliación continua en once unidades didácticas. Comezamos cunha introdución á disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas principais ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, ética, filosofía política e finalmente a estética.

No deseño e desenvolvemento da programación obsérvanse as características particulares do IES Martaguisela, situado en O Barco de Valdeorras. O Barco é a localidade máis dinámica da comarca de Valdeorras, conta cunha poboación duns 14000 habitantes, aínda que a poboación flotante é maior, pois a vila é o eixe vertebrador da vida da comarca valdeorresa.

O motor económico é a industria da lousa, que proporciona traballo a unha boa parte da poboación e atrae traballadores doutras zonas de Galicia, de España e tamén do estranxeiro. Outros sectores relevantes a nivel socioeconómico son o da viticultura, construción e o sector servizos.

Con respecto á contorna do centro, está rodeado doutros centros escolares, concretamente do CEIP Condese de Fenosa, o I.E.S Lauro Olmo e o CEIP Julio Gurriarán que está adscrito a este instituto. Así mesmo, conta con múltiples servizos ó seu redor: os Xulgados, Facenda, Delegacións de Presidencia, Hospital Comarcal, entidades bancarias, hostelería e comercio en xeral, etc.

No referente ó alumnado, o IES Martaguisela, recolle alumnado procedente da propia localidade, distintas vilas das proximidades e ata 15 nacionalidades distintas entre as que se atopan principalmente Portugal, diversos países de Latinoamérica e países de Europa do Leste. Dada a pluralidade do alumnado, a atención a diversidade que promove a lei educativa convértese nun eixo fundamental no centro e no noso departamento.

Neste curso 2022-2023 contamos con tres grupos no nivel de 1º de Bacharelato: 1ºA, da modalidade de bacharelato científico (ciencias da saúde), cun total de 25 alumnas/os (1 deles repite curso); 1ºB, que combina alumnado das modalidades de bacharelato artístico, científico-tecnolóxico e ciencias sociais e humanidades, cun total de 22 alumnas/os; e 1ºC, da modalidade de bacharelato de ciencias sociais e humanidades, cun total de 26 alumnos/as, (2 deles repiten curso). Non foron detectadas necesidades educativas especiais no alumnado destes grupos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que é a filosofía? Definición, ramas, historia e funcións.	Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano. Definición, características e funcións da filosofía, inicio histórico da filosofía, comparación con outros saberes, síntese das filosofía de cada época, e a filosofía hoxe.	7	8	X		
2	Antropoloxía I. Antropoxénese. Natureza e cultura.	Introducción a reflexión filosófica sobre o ser humano. Proceso de antropoxénese. Hominización e humanización. Conceptos de natureza e cultura. O ser humano como animal cultural e animal simbólico. A diversidade cultural e as actitudes ante ela: etnocentrismo, relativismo e transculturalidade.	8	9	X		
3	Antropoloxía II. Corpo e mente. A dimensión psicolóxica e a identidade persoal.	O corpo e a mente: definición e posturas sobre o problema da relación mente-corpo (monismo, dualismo, emerxentismo). A psicanálise de Freud e Jung: estudo da mente e da personalidade. A dimensión psicolóxica do ser humano: entendemento, intelixencia, emocións, vontade e desexos. A sexualidade, o sexo e o xénero.	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Antropoloxía III. A liberdade e a autonomía. A existencia e a morte. A sociabilidade do ser humano.	A liberdade, a autonomía e o determinismo. A existencia humana como proxecto de vida. A sociabilidade humana e as relacións cos outros.	9	9	X		
5	A lóxica. Tipos de razoamento e validez lóxica. Argumentación e falacias.	Tipos de razoamento: dedución, indución, abdución e paradoxas. A validez lóxica nos siloxismos categóricos. A lóxica proposicional e a análise lóxica mediante táboas de verdade. A análise da argumentación e as falacias.	8	8		X	
6	Gnoseoloxía. Teoría do coñecemento. Proceso de coñecemento, teorías e actitudes respecto ó coñecemento e a verdade.	Reflexión filosófica sobre o coñecemento. Elementos do coñecemento (sensibilidade, entendemento, razón, imaxinación, memoria). Actitudes ante o coñecemento (realismo, subxectivismo). Criterios de verdade (correspondencia, coherencia, evidencia, utilidade, consenso). Actitudes ante a verdade (Obxectivismo, dogmatismo, relativismo, perspectivismo e escepticismo). Coñecemento e intereses (instrumental, ético e emancipador).	9	9		X	
7	Epistemoloxía. Filosofía da ciencia. A clasificación das ciencias. Método científico. As cuestións do progreso científico e da obxectividade na ciencia.	A clasificación das ciencias: formais, empíricas e sociais-humanas. O método científico. Criterios de demarcación: verificacionismo e falsacionismo. Posturas sobre o progreso da ciencia no tempo: neopositivismo, Popper, Kuhn e Feyerabend. A cuestión da obxectividade: a carga teórica da investigación científica (Hanson, Kuhn, Feyerabend).	8	9		X	
8	Metafísica. Cosmoloxía, teoloxía e o estudo do ser.	As vertentes da metafísica. Cosmoloxía: estrutura do universo, a cuestión do elemento constitutivo, espazo e tempo, determinismo. Teoloxía: posturas sobre a existencia de deus e argumentos teolóxicos. Aparencia e realidade. Os modos do ser para Aristóteles.	9	10		X	
9	Ética. A felicidade. Teorías éticas. Xenealoxía da moral. Problemas éticos actuais.	As teorías sobre a felicidade de Aristóteles, o estoicismo e o epicureísmo. Teorías éticas e distinción entre éticas materiais e formais: a ética formal de Kant, a ética discursiva de Habermas, o utilitarismo e o consecuencialismo. A xenealoxía da moral e a proposta nietzscheana do superhumano e a moral creativa. Ética aplicada ós problemas actuais.	13	13			X
10	Filosofía política: a orixe da sociedade civil. Concepcións do poder. Teorías da xustiza. A democracia e os dereitos humanos.	As teorías sobre a orixe da sociedade e a política. O ser humano como animal político en Aristóteles. O contractualismo clásico de Hobbes, Locke e Rousseau e os modelos absolutista, liberal e republicano da cidadanía. O contractualismo internacional de Kant. As concepcións do poder de Foucault, Weber e Arendt. Teorías da	12	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Filosofía política: a orixe da sociedade civil. Concepcións do poder. Teorías da xustiza. A democracia e os dereitos humanos.	xustiza contemporáneas: Habermas, Rawls e Nozick. Estado de dereito, Estado de benestar, legalidade vs. lexitimidade e dereitos humanos.	12	13			X
11	Estética. Teorías filosóficas sobre a beleza e a arte.	Teorías históricas sobre a beleza: a beleza como proporción, a beleza e o gusto universal e desinteresado (Kant) e o concepto do sublime. Que é unha obra de arte? Aspectos materiais e aspectos formais das obras artísticas. O xenio do artista. O papel da arte na sociedade.	8	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que é a filosofía? Definición, ramas, historia e funcións.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Definir de xeito claro e rigoroso as características e funcións da filosofía, as súas ramas e temas de reflexión principais, as súas orixes históricas e vixencia actual, e comparar a filosofía con outras formas de saber.	PE	75
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e analizar os problemas presentes en textos filosóficos ou noutros medios de expresión (históricos, literarios, artísticos ou científicos).	TI	25
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Responder a distintas cuestións filosóficas demostrando un dominio de conceptos, ideas e teorías vistas na unidade, e/ou ampliar estes coñecementos mediante a integración de coñecementos doutras disciplinas.		
CA1.3.1. - Redactar comentarios de texto nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Analizar textos filosóficos explicando as ideas que conteñen de forma clara e autónoma, relacionándoos con ideas e teorías filosóficas afíns e aportando un punto de vista propio argumentado sobre o tema do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía. - Concepcións da filosofía. - A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e condición social: a discriminación social. - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - A filosofía como saber. - A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social. - Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica. - Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética. - As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais. - Os métodos da filosofía. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O sentido da filosofía no século XXI. - Sentido e finalidade da filosofía. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

UD	Título da UD	Duración
2	Antropoloxía I. Antropoxénese. Natureza e cultura.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Explicar as principais teorías e perspectivas filosóficas sobre o ser humano ó respecto dos seguintes conceptos: antropoxénese, fixismo, evolucionismo, natureza, cultural, ser humano como animal cultural e simbólico, diversidade cultural, etnocentrismo, relativismo e transculturalidade.	PE	75
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e analizar os problemas presentes en textos filosóficos ou noutros medios de expresión (históricos, literarios, artísticos ou científicos).	TI	25
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Responder a distintas cuestións filosóficas demostrando un dominio de conceptos, ideas e teorías vistas na unidade, e/ou ampliar estes coñecementos mediante a integración de coñecementos doutras disciplinas.		
CA1.3.1. - Redactar comentarios de texto nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Analizar textos filosóficos explicando as ideas que conteñen de forma clara e autónoma, relacionándoos con ideas e teorías filosóficas afíns e aportando un punto de vista propio argumentado sobre o tema do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.2. - Elaborar unha disertación filosófica sobre algúns dos temas propostos que garden relación coas unidades didácticas pertencentes á avaliación.	Argumentar de xeito claro e coherente o propio punto de vista sobre un problema filosófico, indicando unha tese persoal e distinguindo posibles argumentos a favor e en contra da tese, dende unha perspectiva global, obxectiva e interdisciplinar.		
CA1.3.3. - Realiza traballos de investigación ou discursos argumentativos (orais ou escritos) nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Participar de xeito construtivo en traballos grupais ampliando os coñecementos adquiridos e afondando nun tema filosófico, identificando fontes de información fiables e artellando ideas de forma lóxica e coherente.		
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participar de forma adecuada en traballos grupais e debates formais ou informais/espontáneos, aportando argumentos lóxicos dende posicións respectuosas cara outras perspectivas e cunha actitude construtiva, sobre os temas de reflexión filosófica.		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A investigación e a disertación filosóficas. - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens. - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
3	Antropoloxía II. Corpo e mente. A dimensión psicolóxica e a identidade persoal.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Explicar as principais teorías e perspectivas filosóficas sobre o ser humano ó respecto dos seguintes temas: corpo, mente, monismo, dualismo, emerxentismo, psicanálise, intelixencia, emocións, vontade, desexos, sexualidade, sexo e xénero.	PE	75
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Describe e relaciona distintos enfoques filosóficos para analizar e argumentar sobre os distintos temas relacionados coa psicoloxía e identidade do ser humano, cunha perspectiva crítica e autónoma.		
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e analizar os problemas presentes en textos filosóficos ou noutros medios de expresión (históricos, literarios, artísticos ou científicos).	TI	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Responder a distintas cuestións filosóficas demostrando un dominio de conceptos, ideas e teorías vistas na unidade, e/ou ampliar estes coñecementos mediante a integración de coñecementos doutras disciplinas.		
CA1.3.1. - Redactar comentarios de texto nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Analizar textos filosóficos explicando as ideas que conteñen de forma clara e autónoma, relacionándoos con ideas e teorías filosóficas afíns e aportando un punto de vista propio argumentado sobre o tema do texto.		
CA1.3.2. - Elaborar unha disertación filosófica sobre algúns dos temas propostos que garden relación coas unidades didácticas pertencentes á avaliación.	Argumentar de xeito claro e coherente o propio punto de vista sobre un problema filosófico, indicando unha tese persoal e distinguindo posibles argumentos a favor e en contra da tese, dende unha perspectiva global, obxectiva e interdisciplinar.		
CA1.3.3. - Realiza traballos de investigación ou discursos argumentativos (orais ou escritos) nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Participar de xeito construtivo en traballos grupais ampliando os coñecementos adquiridos e afondando nun tema filosófico, identificando fontes de información fiables e artellando ideas de forma lóxica e coherente.		
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participar de forma adecuada en traballos grupais e debates formais ou informais/espontáneos, aportando argumentos lóxicos dende posicións respectuosas cara outras perspectivas e cunha actitude construtiva, sobre os temas de reflexión filosófica.		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. - Ámbitos do psiqismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Antropoloxía III. A liberdade e a autonomía. A existencia e a morte. A sociabilidade do ser humano.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Explicar as principais teorías e perspectivas filosóficas sobre o ser humano ó respecto dos seguintes temas: liberdade (en sentido negativo e positivo), heteronomía, autonomía, responsabilidade, determinismo, existencia, proxecto de vida, nihilismo, sociabilidade, animal político, amizade e amor.	PE	75
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Describe e relaciona distintos enfoques filosóficos para analizar e argumentar sobre os distintos temas relacionados coa liberdade, a existencia, a sociabilidade e as relacións do ser humano, cunha perspectiva crítica e autónoma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e analizar os problemas presentes en textos filosóficos ou noutros medios de expresión (históricos, literarios, artísticos ou científicos).		
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Responder a distintas cuestións filosóficas demostrando un dominio de conceptos, ideas e teorías vistas na unidade, e/ou ampliar estes coñecementos mediante a integración de coñecementos doutras disciplinas.		
CA1.3.1. - Redactar comentarios de texto nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Analizar textos filosóficos explicando as ideas que conteñen de forma clara e autónoma, relacionándoos con ideas e teorías filosóficas afíns e aportando un punto de vista propio argumentado sobre o tema do texto.		
CA1.3.2. - Elaborar unha disertación filosófica sobre algúns dos temas propostos que garden relación coas unidades didácticas pertencentes á avaliación.	Argumentar de xeito claro e coherente o propio punto de vista sobre un problema filosófico, indicando unha tese persoal e distinguindo posibles argumentos a favor e en contra da tese, dende unha perspectiva global, obxectiva e interdisciplinar.	TI	25
CA1.3.3. - Realiza traballos de investigación ou discursos argumentativos (orais ou escritos) nos que se demostra un coñecemento práctico dos procedementos filosóficos e se mantén unha actitude indagadora e autónoma.	Participar de xeito construtivo en traballos grupais ampliando os coñecementos adquiridos e afondando nun tema filosófico, identificando fontes de información fiables e artellando ideas de forma lóxica e coherente.		
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participar de forma adecuada en traballos grupais e debates formais ou informais/espontáneos, aportando argumentos lóxicos dende posicións respectuosas cara outras perspectivas e cunha actitude construtiva, sobre os temas de reflexión filosófica.		
		Baleiro	0

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - Personalidade e identidade persoal.

UD	Título da UD	Duración
5	A lóxica. Tipos de razoamento e validez lóxica. Argumentación e falacias.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Responder a distintas cuestións filosóficas demostrando un dominio de conceptos, ideas e teorías vistas na unidade, e/ou ampliar estes coñecementos mediante a integración de coñecementos doutras disciplinas.	PE	85
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Definir e recoñecer os distintos tipos de razoamento (dedución, indución, abducción e paradoxa); analizar siloxismos e recoñecer a súa validez; coñecer os principios da lóxica de enunciados e determinar a validez lóxica con táboas de verdade; identificar os distintos tipos de falacias.		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Recoñecer e distinguir entre os bos argumentos apoiados nas formas válidas de razoamento e as diferentes formas de falacias ou argumentos erróneos, identificar a presenza de falacias e evitala para adquirir unha mellor práctica argumentativa e de diálogo.	TI	15
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítica de fontes. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.

Contidos
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participar de forma adecuada en traballos grupais e debates formais ou informais/espontáneos, aportando argumentos lóxicos dende posicións respectuosas cara outras perspectivas e cunha actitude construtiva, sobre os temas de reflexión filosófica.		
		Baleiro	0

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>			
<p>CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos.

Contidos

- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, valoración de dilemas, etc.). O obxectivo fundamental será o de estimular ó alumnado a pensar de xeito autónomo, para que adquira coñecementos filosóficos á través da práctica argumentativa e tratando de fundamentar o que diga ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas sometidas a elaboración, análise ou debate.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendemento, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ó inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveranse as actividades e proxectos propios da UD cun resumo ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

O alumnado traballará tanto de forma individual coas tarefas como comentarios de texto, disertacións ou outras actividades que se propoñan segundo a unidade didáctica, como en grupos: dende o debate informal xerado na aula sobre os contidos ós grupos de traballo cooperativo.

As distintas probas (individuais ou grupais, escritas ou orais) contarán cunha rúbrica elaborada tendo en conta os instrumentos de avaliación e os obxectivos da materia, que estará a disposición do alumnado se desexa consultala. Diseñarase e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Desenvolverase unha avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Informarase individualmente dos resultados ofrecendo propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos e/ou textos pertencentes ós materiais

didácticos.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, actividades realizadas a través da aula virtual, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e tests en liña (como kahoots).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos elaborados polo docente.
Escolma de textos filosóficos.
Aula virtual con recursos en rede (vídeos, páxinas web, exercicios autocorrixibles).
Lecturas voluntarias para afondar nos contidos.
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces.
Caderno de notas a elaborar polo alumnado.

Cada sesión terá lugar nunha aula do centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ó longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O caderno de notas servirá de diario da aula. Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servirá como plataforma de contidos para o servizo do alumnado, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial a través duns exercicios que consistirán nun cuestionario e na lectura duns textos de introdución á filosofía con cuestións sobre os mesmos e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigorosa. Permitirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe ós trazos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	9	9	8	9	8	9	13	12
Proba escrita	75	75	75	75	85	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	15	25	25	25	25	25

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	100
Proba escrita	75	76
Táboa de indicadores	25	24

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación en cada unha das avaliacións serán os seguintes:

- As probas escritas ou exames, calquera que sexa o seu formato , ponderaranse cun 75% da cualificación global (ata 7,5 puntos na nota de cada avaliación). O 75% da cualificación correspondente ós exames desglosarase da seguinte forma:

- Unha proba global ó final do trimestre (sobre tódolos contidos impartidos no trimestre) á que lle corresponderá un 55% da nota trimestral;
- Un ou dous controis parciais ós que corresponderá un 20% da nota trimestral (en cada trimestre haberá 1 ou 2 controis en función das circunstancias, do tempo dispoñible e o desenvolvemento das unidades).

- As actividades ponderaranse cun 25% da cualificación global (ata 2,5 puntos na nota de cada avaliación). O 25% da cualificación correspondente ás actividades desglosarase da seguinte forma:

- En cada avaliación o alumnado terá que realizar de forma individual unha disertación sobre algún tema relacionado coas unidades didácticas que vaiamos desenvolvendo na materia. Esta disertación ponderarase cun 10% da cualificación de cada avaliación (ata 1 punto).
- As actividades restantes ponderaranse cun 15% da cualificación de cada avaliación (ata 1,5 puntos), que será distribuído nas tarefas e traballos individuais ou grupais (xa sexan tarefas escritas ou orais, como exposicións ou debates) que faga o alumnado ó longo de cada avaliación, observando o grao de esforzo e complexidade requirido por elas. Polo tanto, este 15% da cualificación adaptarase ás particularidades e ás posibilidades efectivas da realización de actividades de cada avaliación.

- Ofreceráse ó alumnado a posibilidade de realizar actividades voluntarias (traballos de investigación, de reflexión ou lecturas que permitan aprofundar nos contidos e desenvolver a autonomía e as capacidades argumentativas, reflexivas e de pensamento crítico) que servirán para mellorar a súa cualificación trimestral.

Os instrumentos de avaliación correspondentes a todos estes criterios serán avaliados tendo en conta unha rúbrica con indicadores (elaborados para tarefas xenéricas como comentario de texto, disertación, etc.) que se presentarán na aula ou que poderá consultar o alumnado.

A cualificación correspondente a probas escritas ou actividades poderase ver anulada se se dá algunha das circunstancias contempladas no apartado 9.2 desta programación (uso de medios fraudulentos, plaxio, etc.).

Na avaliación final a cualificación será o resultado da media aritmética da nota obtida nas tres avaliacións trimestrais. Para facer esta media terase en conta a media exacta, con decimais, obtida en cada unha das avaliacións.

As medias exactas correspondentes ás avaliacións aproxímanse a números enteiros tendo en conta os seguintes criterios:

- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo sempre que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 7 e a nota se corresponda cun resultado positivo (igual ou superior a un 5, é dicir, non se poderá acadar o 5 por redondeo a partir dun 4).
- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo se a cifra das décimas é igual ou superior a un 5, se a nota se corresponde cun resultado positivo (igual ou superior a un 5) e ademais se cumpra a seguinte condición: que a/o alumna/o entregara tódalas actividades propostas no trimestre e obtivera unha valoración positiva con elas.
- Redondearase a nota ó enteiro inferior máis próximo nos casos restantes.

A avaliación considerarase superada positivamente cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A modo de observación cómpre sinalar que as porcentaxes incluídas no apartado 3.3 para a avaliación de cada unidade didáctica son de carácter orientativo e tentativo. Na distribución do peso (%) asignado a cada criterio de avaliación (CA), sobre todo preténdese manter a estrutura dos criterios de cualificación, do 75% de probas escritas e 25% de actividades, non obstante non é posible concretar con exactitude o peso de cada criterio de avaliación por unidade asignándoo a un único instrumento (táboa de indicadores ou proba escrita), posto que algúns criterios de avaliación serán tidos en conta tanto para probas escritas como para actividades avaliadas con táboa de indicadores, polo que sería preciso desdobarlos e relacionalos con ambos instrumentos. Ademais, tense en conta dentro de cada unidade didáctica o 10% correspondente á disertación que o alumnado debe facer en cada avaliación, xa que esta pode ter un carácter transversal e tratar sobre calquera tema relacionado coas unidades didácticas que se imparten, non obstante, é preciso indicar que se tratará dunha soa disertación por avaliación e non por unidade. Por último, dado o carácter orientativo desas porcentaxes, para realizar a avaliación trimestral, adaptaranse e ponderaranse as porcentaxes correspondentes segundo as actividades finalmente realizadas de xeito efectivo en cada avaliación.

Criterios de recuperación:

As probas de recuperación realizaranse ó final de cada avaliación ou ó comezo da seguinte, sobre as unidades avaliadas durante ese trimestre, de xeito que a proba de recuperación permita subir a nota nesas unidades. Estas probas de recuperación terán unha estrutura e contido análogo ás probas ordinarias realizadas durante o curso. Ás probas de recuperación pode presentarse calquera alumno/a que suspendese a avaliación ou que queira mellorar a súa cualificación. Estas probas ponderaranse co 75% correspondente ás probas escritas. O alumnado poderá opcionalmente mellorar a nota correspondente ás actividades refacendo aquelas actividades que obtivesen unha cualificación negativa (inferior a 5). O docente poderá propoñer a realización de actividades específicas adicionais para favorecer a adquisición dos coñecementos e competencias adecuados para recuperar a avaliación. Trala avaliación final (ordinaria), o alumnado que non superara a materia poderá optar a realizar unha proba de avaliación extraordinaria en xuño. Para a avaliación extraordinaria de xuño seguiranse os criterios acordados polo Departamento, atendendo principalmente ós contidos mínimos da materia, empregando como instrumento de avaliación unha proba escrita que gardará, na medida do posible, a semellanza coa estrutura e os contidos das probas ordinarias, podendo variar na súa extensión se se estima necesario para poder abordar a avaliación dos contidos dos diferentes bloques que compoñen o conxunto da materia. Para obter un resultado positivo na avaliación extraordinaria de xuño será preciso que o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos (nunha escala do 0 ó 10) na proba escrita. Polo tanto, a partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias. O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, repaso ou ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo no que se desenvolvan os criterios mínimos esixibles en cada unidade didáctica.

O departamento de Filosofía propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as

actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous bloques. Seguiranse os seguintes principios:

Os contidos da materia serán avaliados en dous bloques, correspondendo cada un á metade dos contidos da materia, e priorizando dentro deles especialmente aqueles contidos mínimos ou esenciais. Proporáselle ó alumnado a realización da avaliación da materia pendente en dous momentos do curso: o primeiro en xaneiro, ó comezo do 2º trimestre, e o segundo en abril, ó final do 2º trimestre.

Procederase á avaliación e á cualificación da materia pendente do seguinte xeito:

- As actividades e traballos propostos ó alumnado, que deben ir realizando como traballo na casa, e que contribuirán a afianzar os contidos sobre os que versarán as probas, ponderarán cun 25% sobre a cualificación de cada un dos bloques. Será necesario obter como mínimo un 5 na valoración das actividades, para que estas sexan tidas en conta xunto cos exames.

- Os exames, realizados en xaneiro e en abril, ponderarán cun 75% sobre a cualificación de cada un dos bloques. Os contidos destas probas estarán relacionados con aqueles traballados nas actividades. Será necesario obter como mínimo un 4 nos exames para que estes sexan tidos en conta cara a valoración global xunto coas actividades.

Farase unha media aritmética entre as cualificacións obtidas nos dous bloques examinados, que corresponderá á cualificación final da materia pendente. Será necesario obter como mínimo un 5 para acadar o aprobado.

No primeiro bloque avaliaranse as unidades didácticas da 1 á 5. No segundo bloque avaliaranse as unidades didácticas da 6 á 10.

As medias exactas correspondentes á avaliación de cada bloque aproxímanse a números enteiros tendo en conta os seguintes criterios:

- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo sempre que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 7 e a nota se corresponda cun resultado positivo (igual ou superior a un 5, é dicir, non se poderá acadar o 5 por redondeo a partir dun 4).

- Redondearase a nota ó enteiro inferior máis próximo nos casos restantes.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará segundo as datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe e ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e/ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula ás características concretas do grupo de clase, favorecendo o acceso ós recursos e á convivencia.

2) Adecuación da programación ó alumnado e circunstancias da súa contorna. Logo de identificar as posibles barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales

como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Deseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe asociadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da(s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación farase unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumento clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ó promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explicitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, a esta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos será a clave.

A filosofía fundamentase en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos piares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentarase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Disertación Filosófica, Fotografía ou Vídeo a determinar.	X	X	
Saída extraescolar a Burgos, para visitar o Museo da evolución humana e o xacemento arqueolóxico de Atapuerca.	Visita ó Museo da evolución humana en Burgos, ó xacemento de Atapuerca e o Centro de Arqueoloxía experimental, para coñecer as orixes do xénero humano e as circunstancias vitais e culturais presentes nos comezos da nosa historia.		X	
Saída extraescolar ó Centro Astronómico de Trevinca.	Visita ó Centro Astronómico de Trevinca para coñecer máis a investigación científica sobre o universo coñecido, particularmente no que se relaciona coa forma, estrutura e elementos do universo.			X
Participación na Asemblea pola igualdade do IES Martaguisela	Participación voluntaria no proxecto 'Asemblea pola igualdade' desenvolto ó longo do curso no IES Martaguisela, para traballar co alumnado diferentes cuestións relacionadas coa igualdade social dende perspectivas como o xénero, o racismo, o colectivo LGBTQ.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias propóñense contemplando a súa posible realización, mais esta dependerá das características do alumnado e das circunstancias do desenvolvemento do curso, polo que non se garante a realización das mesmas. Así mesmo, no desenvolvemento do curso poderán propoñerse outras actividades complementarias que favorezan a adquisición e/ou o afondamento de contidos ou habilidades relacionados coa materia de Filosofía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Metodoloxía empregada
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Medidas de atención á diversidade
10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ó ritmo de aprendizaxe do alumnado
Clima de traballo na aula
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. Coordinación cos demais docentes e coas familias/titores legais.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens, correspondendo co remate das unidades didácticas e a realización das probas que se desenvolven en cada avaliación trimestral, para poder adiantarse ós cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes e recollendo a duración das mesmas no calendario.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.

3. Propostas de mellora.
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

1. DATAS E PRAZOS. CONDICIÓN PARA A REPETICIÓN DE PROBAS

Coa suficiente antelación, o profesor de cada grupo informará ó alumnado sobre as datas previstas para a realización de probas escritas e, se é o caso, sobre os prazos de presentación de traballos. As probas previstas e acordadas non se cambiarán de data sen que exista un motivo claramente xustificado. No caso da ausencia dun/dunha alumno/a a unha proba, o pai/nai/titor legal deberá notificar a súa ausencia ó centro esa mesma mañá. A proba só se repetirá coa entrega dun xustificante de rigor (xustificantes médicos, certificados) que indique día e hora do motivo que impediu á/ó alumna/o realizar a proba. Este xustificante deberá ser entregado no día no que o/a alumno/a volva ó centro.

2. MEDIDAS PREVISTAS PARA OS CASOS DE FRAUDE NA REALIZACIÓN DAS PROBAS OU PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

Se na realización de exames ou na presentación de traballos se atopasen probas de que estes foron copiados ou falsificados, mediante a utilización fraudulenta de apuntamentos, chuletas, teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico, a cualificación dos mesmos será de cero. A principio de curso comunicaranselle ó alumnado unha serie de normas que deben cumprir para que os exames non sexan anulados.